

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 12 de xullo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para os anos 2013-2014.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Xunta de Galicia encargado da proposta e execución das directrices xerais da política cultural de Galicia a quen lle corresponde a dirección e coordinación das grandes liñas de actuación e as medidas para o desenvolvemento da cultura galega, no senso máis amplo, mediante a cooperación e a suma de vontades coas institucións con que comparte obxectivos, entes locais, organismos públicos e entidades privadas, como forma de cristalizar as iniciativas no eido da protección, investigación e difusión cultural.

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, e o Decreto 307/1989, do 23 de novembro, que regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia, atribúen á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as competencias en materia de patrimonio cultural de Galicia e, como parte del, correspóndenlle as actuacións para a protección, conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio documental e arquivos.

Os arquivos custodian patrimonio documental como testemuño e garantía de dereitos e deberes das institucións e dos cidadáns e como fonte de información para a xestión administrativa e a investigación. A súa función é conservar e servir os documentos polos medios e técnicas que lle son propias.

Os arquivos galegos forman parte dunha estrutura organizativa, o sistema de arquivos de Galicia, composta por órganos, arquivos e servizos, que busca a consecución dos fins propios dos arquivos a través da colaboración cara a súa rendabilidade social e económica.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como órgano coordinador e directivo do sistema de arquivos de Galicia, é quen para establecer as directrices técnicas que garantan a organización e funcionamento dos arquivos que integran o sistema e prestarlles asistencia poñendo á súa disposición os recursos técnicos e os créditos que anualmente se establezan nos seus orzamentos.



En consecuencia, para que os arquivos realicen axeitadamente as súas funcións e os cidadáns teñan acceso á información contida nos documentos, é preciso que estean dotados da infraestrutura e do equipamento adecuado, que os seus fondos documentais estean organizados, en bo estado físico e mesmo reproducidos noutros soportes.

Para estes efectos, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as normas de desenvolvemento

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

O obxecto da presente orde é establecer as bases reguladoras e convocar axudas destinadas á protección e difusión dos arquivos e do patrimonio documental de Galicia, garantindo unha custodia responsable e o acceso dos cidadáns aos documentos.

As axudas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

A finalidade da axudas serán as actividades que teñan por obxecto:

1. Organización dos fondos documentais.
2. Equipamento dos arquivos.
3. Mellora dos locais de arquivo.
4. Restauración de documentos.
5. Dixitalización de documentos.

Artigo 2. *Beneficiarios*

Poderán optar a estas axudas as universidades, entes locais e entidades sen fin de lucro galegas que contén cun local estable destinado a arquivo e custodien fondos documen-



tais constitutivos do patrimonio documental de Galicia, entendido como tal o establecido no artigo 77 da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia.

Os proxectos presentados deberán seguir as recomendacións técnicas de arquivos dispoñibles no portal de arquivos de Galicia.

Artigo 3. *Financiamento e contía das axudas*

1. As axudas convocadas para este ano terán carácter plurianual cunha contía total de douscentos vinte e cinco mil catrocentos corenta euros (225.440 €) que se imputarán aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2013 e 2014 nas seguintes aplicacións orzamentarias e contías:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2013	Anualidade 2014	Total
09.20.432A.744.4	20.000 €	20.000 €	40.000 €
09.20.432A.760.0	93.000 €	27.440 €	120.440 €
09.20.432A.781.0	35.000 €	30.000 €	65.000 €

2. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

3. A axuda máxima por beneficiario que concederá a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria será de 20.000 € que, en ningún caso, poderá exceder o 80 % do investimento total aprobado.

4. Este importe de 20.000 € ascenderá a 23.000 € cando se trate de solicitudes conxuntas, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).

5. O importe do crédito inicial poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo co artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estas axudas son compatibles con outras axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, se o importe total que percibe o beneficiario non supera a porcentaxe máxima do investimento.



7. Se a contía das subvencións solicitadas é maior que o orzamento dispoñible, a distribución dos proxectos que se subvencionen, dentro de cada aplicación orzamentaria, farase en función da seguinte porcentaxe:

– Ata o 40 % do total do orzamento dispoñible para equipamento e mellora de locais de arquivos.

– Ata o 20 % do total do orzamento dispoñible para proxectos de organización.

– Ata o 20 % do total do orzamento dispoñible para restauración de documentos.

– Ata o 20 % do total do orzamento dispoñible para dixitalización de fondos documentais.

Artigo 4. *Solicitudes e prazo*

1. Só se admitirá unha solicitude por beneficiario e cada beneficiario só poderá participar nunha das liñas subvencionais sinaladas no artigo 1, que se presentará conforme o modelo oficial que figura como anexo I da convocatoria, por calquera das seguintes vías:

a) No Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do solicitante. Para isto o solicitante ou representante legal deberá posuír un DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital en vigor baixo a norma X.509v3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma

b) No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en San Caetano ou nas súas xefaturas territoriais.

c) Nas oficinas de Correos, en sobre aberto para a selaxe da solicitude.

d) Por calquera outra das previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude pola persoa ou institución interesada comporta a autorización ao órgano instructor para solicitar de oficio e de forma telemática as consultas de atoparse ao día nas obrigas fiscais e tributarias, que deben emitir a Axencia Estatal Tributaria, a Axencia Tributaria de Galicia e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social. No caso de



que non sexa posible obter esta información de forma telemática, o órgano instrutor poderá requirila directamente ao solicitante.

3. O formulario electrónico estará dispoñible no enderezo <https://sede.xunta.es/portada>. Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse á Secretaría Xeral de Cultura a través do teléfono 981 95 78 26; do número de fax 881 99 97 40 ou do enderezo de correo electrónico servizodearquivos.cultura@xunta.es

Nestes formularios normalizados cubriranse todos os campos obrigatorios sen engadir novos datos e sen emendar, variar ou riscar o seu formato orixinal. En caso contrario, as solicitudes non serán admitidas a trámite.

Os/as solicitantes deberán indicar un enderezo de correo electrónico permanente, persoal e intransferible para efectos de notificacións.

4. As solicitudes poderán presentarse tamén en papel, cubertas a máquina ou á man, pero neste caso deberá facerse en letras maiúsculas e con caracteres lexibles. O modelo de solicitude estará a dispor dos interesados no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou nas súas xefaturas territoriais e na páxina web desta consellería (<http://cultura.xunta.es/oficina/>) na parte de «Trámites e axudas».

5. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5. *Documentación necesaria*

1. Solicitude normalizada segundo o modelo do anexo I.

2. Memoria explicativa segundo o modelo do anexo II que inclúa:

a) Datos identificativos e de contacto:

– Titularidade do arquivo.

– Localización.



- Contacto postal e electrónico.
 - Persoal técnico e responsable do arquivo.
 - b) Fondos documentais que custodia:
 - Cadro de clasificación do arquivo.
 - Datas extremas de cada fondo documental.
 - Volume de cada fondo documental, expresado en metros lineares.
 - c) Condicións de acceso:
 - Horario de apertura.
 - Condicións de acceso aos fondos documentais.
 - d) Servizos:
 - Servizos á disposición dos usuarios: de axuda á investigación, de reprodución e espazos públicos.
 - e) Procesos técnicos do arquivo, indicando se están informatizados.
 - f) Actividades culturais que organice ou en que participe o arquivo.
3. Para proxectos de mellora das instalacións e equipamento:
- Planos do local de arquivo, coas medicións pertinentes.
 - Proposta detallada de modificación, mellora ou dotación.
 - Certificado ou informe técnico sobre a resistencia da superficie dos depósitos.
 - Orzamento total do proxecto, indicando conceptos, prezos unitarios e totais.
4. Para organización de fondos:
- Programa de organización de fondos documentais, indicando os seguintes datos: produtor, datas extremas, volume total de fondos, fondos organizados, fondos por organizar.



– Se é o caso, aplicación informática para a descrición documental con que conte o arquivo.

– Memoria explicativa do proceso de organización segundo os criterios técnicos de arquivos.

– Requisitos do persoal técnico que se vai contratar.

– Orzamento total do proxecto indicando conceptos con prezos unitarios e totais.

5. Para a restauración:

– Proxecto técnico de restauración especificando os documentos que se van restaurar, produtor, datas, estado de conservación, patoloxía, proposta de intervención, produtos que se van utilizar e póliza de seguro que cubra os posibles danos e perdas dos documentos.

– Reportaxe fotográfica.

– Currículo académico e profesional dos restauradores.

– Orzamento total do proxecto indicando conceptos, prezos unitarios e totais.

6. Para a dixitalización:

– Proxecto de dixitalización, indicando os documentos que se van dixitalizar, data, estado de conservación e demanda social.

– Memoria explicativa do proceso de dixitalización que se vai aplicar.

– Orzamento total do proxecto indicando conceptos, prezos unitarios e totais.

7. Cada proxecto deberá achegar:

– Orzamento total do proxecto indicando conceptos, prezos unitarios e totais.

– Porcentaxe de financiamento do proxecto da institución solicitante.

– Declaración expresa de axudas concedidas.



Artigo 6. *Criterios de valoración*

1. Criterios xerais aplicables a todas as liñas subvencionadas.

a) Criterios de valoración aplicables a todos os arquivos.

– Nº de habitantes do concello onde radique o arquivo: ata 7 puntos.

i. Concellos con menos de 10.000 habitantes: 7 puntos.

ii. Concellos entre 10.000 e 70.000 habitantes: 6 puntos.

iii. Concellos con máis de 70.000 habitantes: 5 puntos.

– Antigüidade dos fondos documentais: ata 7 puntos.

– Nivel de autofinanciamento: ata 4 puntos.

– Primeiras subvencións: 1 punto.

– Arquivos en poboación de menos de 10. 000 habitantes que teñan persoal técnico arquivado: 1 punto.

b) Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agás a de fusión municipal), tendo en conta os seguintes aspectos:

– Pola mera presentación da solicitude conxunta entre concellos nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias: ata 10 puntos.

– Tendo en conta o número de concellos asociados, número de servizos que se van prestar de forma compartida, repercusión do proxecto, cifra de poboación total dos concellos participantes no proxecto: ata 10 puntos en total desagregados do seguinte xeito:

i. Polo número de concellos asociados: ata 4 puntos.

ii. Polo número de servizos que se van prestar de forma compartida: ata 3 puntos.

iii. Pola repercusión sobre o número total de poboación: ata 3 puntos.



– Pola valoración da memoria explicativa do aforro de custos que supón a prestación conxunta sobre a individual: ata 10 puntos.

c) Criterios aplicables ás solicitudes presentadas por entidades locais fusionadas: outorganse 30 puntos pola mera presentación da solicitude nos termos sinalados nesta orde.

d) Serán inadmitidas aquelas solicitudes conxuntas en que non se acredite a realización conxunta dunha actuación ou servizo e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local. Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, deberá acreditarse que o servizo se presta de xeito mancomunado, metropolitano ou consorciado e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

2. Criterios específicos aplicables aos proxectos de organización de fondos.

a) Volume de fondos sen organizar expresado en metros lineares: ata 30 puntos.

b) Volume de fondos sen informatizar, expresado en metros lineares: ata 20 puntos.

3. Criterios específicos aplicables aos proxectos de mellora das instalacións.

a) Pola mellora das características construtivas do local de arquivo polo risco na conservación e seguranza dos documentos: ata 20 puntos.

b) Polo risco que supón a sobrecarga na resistencia do chan: ata 30 puntos.

4. Criterios específicos aplicables aos proxectos de equipamento.

a) Pola mellora do equipamento do arquivo: ata 25 puntos.

b) Polo grao de ocupación dos andeis: ata 25 puntos.

5. Criterios específicos aplicables aos proxectos de restauración de documentos.

a) Estado de conservación dos documentos: ata 25 puntos.

b) Antigüidade dos documentos que se van restaurar: ata 25 puntos.



6. Criterios específicos aplicables aos proxectos de dixitalización de documentos.

a) Estado de conservación dos documentos: ata 25 puntos.

b) Antigüidade dos documentos que se van dixitalizar: ata 25 puntos.

Artigo 7. Instrución do procedemento e selección de solicitudes

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Secretaría Xeral de Cultura, que revisará as solicitudes recibidas e a documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou de non presentarse toda a documentación requirida, poderase reclamar aos solicitantes que emenden os defectos apreciados na documentación exixida, outorgándolles un prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles desde a notificación do requirimento, e indicándolles que, se non o fixeren, se terán por desistidos da súa solicitude, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A avaliación das solicitudes será efectuada por unha comisión técnica composta polo/a titular da Subdirección Xeral de Arquivos que a presidirá, na cal actuarán como vogais dous técnicos de arquivos. Exercerá a secretaría o/a titular do Servizo do Sistema de Arquivos. En caso de ausencia dalgún dos membros, corresponde ao/á titular da Secretaría Xeral de Cultura nomear un suplente. A comisión emitirá un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

3. O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará proposta de resolución motivada das solicitudes por orde decrecente de puntuacións. En caso de empate na puntuación das solicitudes terase en conta, en primeiro lugar, o criterio de autofinanciamento e, en segundo lugar, a data de presentación de solicitude.

4. No suposto de renuncia dalgún dos adxudicatarios, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, adxudicando o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron axuda debido ao límite orzamentario, de acordo coa orde de puntuación establecida.

Artigo 8. Resolución, notificación e recursos

1. A/o titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolverá o procedemento de concesión das axudas no prazo de quince días desde a elevación da proposta de resolución.



A resolución de concesión ou denegación da axuda notificaráselle aos interesados e terá que ser motivada.

O prazo máximo para resolver e notificar será de 6 meses desde a entrada en vigor da orde de convocatoria. De non se ditar resolución no prazo indicado, as solicitudes entenderanse desestimadas.

2. Logo da notificación da resolución definitiva do órgano competente, os adxudicatarios propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

3. A resolución de concesión ou denegación da axuda pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados de igual modo.

Artigo 9. *Publicidade*

1. De conformidade co artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará *Diario Oficial de Galicia* a relación de entidades subvencionadas con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputen, importe e finalidade da subvención.

2. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Consonte o artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.

Artigo 10. *Prazo e xustificación das axudas*

1. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a xustificárenos nos seguintes prazos: a anualidade de 2013 antes



do 30 de novembro de 2013 e a anualidade de 2014 antes do 30 de setembro de 2014; en caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

2. O cumprimento efectivo dos fins para que foi concedida a axuda acreditarase por medio da presentación da seguinte documentación:

a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, do cumprimento da finalidade para que foi concedida.

b) Relación de gastos ordenada segundo o concepto a que se atribúe, con identificación do acredor, importe, data de emisión e, se é o caso, de pagamento. Indicaranse as desviacións producidas en relación co orzamento aprobado.

c) Fotocopia compulsada das facturas e xustificantes bancarios do seu aboamento.

d) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións, deba ter solicitado o beneficiario.

f) Memoria explicativa do proxecto realizado en relación coa axuda concedida xunto coa porcentaxe de autofinanciamento do investimento que para o mesmo proxecto fixo o beneficiario.

3. As entidades locais beneficiarias, de acordo co establecido nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, deberán presentar a conta xustificativa da subvención, que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida. A conta xustificativa estará integrada pola seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

– O cumprimento da finalidade da subvención.



– Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación de gastos.

c) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

5. Inclúense nesta orde os proxectos realizados desde o 1 de xaneiro de 2013 ata a data límite de xustificación da orde.

Artigo 11. *Obrigas dos beneficiarios*

1. Os beneficiarios desta axuda quedan suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade que a actividade ou actuación recibiu financiamento da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

3. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, segundo o modelo do anexo III.



4. O órgano instrutor poderá comprobar en calquera momento a execución das actuacións subvencionadas e requirir, de ser o caso, a xustificación acreditativa.

5. Os beneficiarios comprométese a entregar unha copia do traballo desenvolvido calquera que for o proxecto realizado.

6. A entidade beneficiaria mediante a aceptación da axuda autorizará formalmente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a difusión por calquera medio de todos os elementos que constitúen o resultado do proxecto realizado.

Artigo 12. *Pagamento*

Poderase librar a contía correspondente a un primeiro pagamento, de ata un 50 % do total subvencionado, coa presentación do proxecto e memoria detallada da actuación.

En aplicación do artigo 6.1.dous do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, poderanse conceder pagamentos anticipados de ata un 50 % naqueles supostos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Se as dispoñibilidades orzamentarias así o permiten, poderanse facer pagamentos fraccionados pola contía equivalente á xustificación presentada, sempre que non superen o 80 % da porcentaxe total subvencionada.

O importe restante aboarase coa xustificación final dos investimentos realizados.

Artigo 13. *Reintegro da axuda e procedemento sancionador*

Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o beneficiario da axuda incumpra algunha das condicións ou obrigacións estipuladas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria instruirá o correspondente expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras adminis-



tracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 14. *Réxime xurídico*

A tramitación de solicitudes e concesión destas axudas axustarase ao disposto na presente orde; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia; no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; nos preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e demais normativa de aplicación.

A presentación electrónica de solicitudes suxeitarase á Orde do 12 de xaneiro de 2012, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector públicos autonómico de Galicia.

Disposición derradeira primeira

Autorízase o secretario xeral de Cultura para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2013

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ARQUIVOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT130A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

NOME DA ENTIDADE NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

PROXECTO

Título	Contía total do proxecto	Contía solicitada

DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER XERAL

Memoria explicativa segundo o modelo do anexo II

Orzamento total do proxecto

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DO PROXECTO


Proxecto de actuación

Documentación específica segundo o proxecto, requirida na orde de convocatoria:

-

-

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.



CVE-DOG: mq3nznm9-yjm4-hld2-zi16-wjwfdvrve2jf1



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
(continuación)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Si Non (neste caso achegarase a documentación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.


LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 12 de xullo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para os anos 2013-2014.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Secretaría Xeral de Cultura



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




Modelo de memoria explicativa para avaliación

Nome da entidade:	<input type="text"/>
Titularidade:	<input type="text"/>
Persoa responsable do arquivo:	<input type="text"/>
Horario de apertura:	<input type="text"/>
Servizos aos usuarios:	<input type="text"/>
Número de usuarios por ano:	<input type="text"/>
Actividades culturais:	<input type="text"/>

FONDOS

 Cadro de clasificación: Si Non

Órganos produtores	Datas extremas	Volume (en metros lineais)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PROCESOS TÉCNICOS
 Transferencias Descrición Xestión de préstamos Xestión de consultas Xestión de usuarios
 Outros (especificar):

 Procesos técnicos informatizados:
CRITERIOS DE VALORACIÓN DE CARÁCTER XERAL

	DATOS	PUNTOS
Nº habitantes	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Datas extremas dos fondos documentais	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Nivel de autofinanciamento	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Primeira subvención	<input type="text"/>	<input type="text"/>
En poboacións de menos de 10.000 habitantes arquivos con persoal técnico	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CRITERIOS DE VALORACIÓN PRESENTADOS POR AGRUPACIÓN DE CONCELLOS

	DATOS	PUNTOS
Presentación de solicitude conxunta	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	<input type="text"/>
Nº de concellos asociados	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Nº de servizos que se van compartir	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Repercusión sobre o nº total de poboación	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Memoria explicativa de aforro de custos	<input type="text"/>	<input type="text"/>






CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DO PROXECTO		
	DATOS	PUNTOS
Volume de fondos sen organizar (ml)		
Volume de fondos sen informatizar (ml)		
Proposta de melloras das características construtivas do arquivo		
Nivel de sobrecarga na resistencia do chan		
Proposta de mellora do equipamento do arquivo		
Grao de ocupación dos andeis		
Estado de conservación		
Antigüidade dos documentos que se van restaurar/dixitalizar		



Secretaría Xeral de Cultura





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DAS AXUDAS**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

REPRESENTANTE LEGAL

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA

- Non ter solicitadas outras axudas públicas para o proxecto
 Ter solicitadas axudas para este proxecto, dos organismos que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración. Así mesmo, o representante DECLARA que non se atopa incursión en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asina esta declaración no lugar e a data abaixo indicados.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral de Cultura



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>